

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS EN MATERIA DE REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL NA CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA DE TORNEIROS NO CONCELLO DO PORRIÑO AO AMPARO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA

O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as conclusións sobre o Plan de recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) aprobado por acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do PRTR (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR e as ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Pola súa banda, o Real decreto 853/2021 regula, entre outras axudas, as relativas ao Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR - financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras e actuacións de rehabilitación en edificios de uso predominantemente residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados contornas residenciais de rehabilitación programada (ERRP), especificamente, no marco dos investimentos do PRTR C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais», liña 1, «Rehabilitación a nivel barrio». Neste sentido, o obxectivo do investimento C02.I01 é apoiar as renovacións de eficiencia enerxética en edificios residenciais e barrios. No marco desta medida executaranse polo menos 510.000 accións de renovación en, polo menos, 355.000 vivendas únicas, cunha redución media da demanda de enerxía primaria de, polo menos, o 30 %, que se acreditará mediante certificados de eficiencia enerxética.

O grande impacto a escala de crise social, sanitaria e económica que supuxo a pandemia mundial COVID-19 esixe a aplicación de mecanismos que impulsen a reactivación económica, así como medidas que propulsen a transición ecolóxica e contribúan a formar estruturas máis resilientes e inclusivas para o interese público, social e económico. Neste contexto, mediante o PRTR propóñense unha serie de medidas dirixidas a impulsar a implementación da Axenda Urbana Española e, de forma específica, a actividade de rehabilitación como peza clave na reactivación do sector da construción e inmobiliario. Así, o amplo abano de actuacións busca impulsar os principios de eficiencia enerxética, accesibilidade á vivenda, descarbonización da calefacción e a refrixeración e integración de enerxías renovables; loitar contra a pobreza enerxética; renovar e mellorar as vivendas en contornas residenciais e contribuír á dixitalización do sector edificatorio nas actuacións de rehabilitación. Así mesmo, potenciase a figura do/a axente rehabilitador/a e foméntase a



agrupación dos diferentes servizos para a execución das rehabilitacións mediante un axente ou xestor único.

Por iso, vinculados á actividade da rehabilitación, se establecen diferentes instrumentos de axuda que se articulan mediante unha serie de programas destinados a actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, actuacións de rehabilitación a nivel de edificio, actuacións no interior de vivendas, á elaboración do Libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación, ao apoio ás oficinas de rehabilitación e ao impulso da actuación rehabilitadora.

En consecuencia, con relación á execución dos programas de axuda en material de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR - financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia, o Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agencia Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello do Porriño asinaron o Acordo n.º 32 da Comisión bilateral relativo ao *Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) TORNEIROS*.

O *Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) TORNEIROS* é unha área descontinua que conta cun total de 945 vivendas, 81 edificios e 12.46 hectáreas e está formada polas denominadas Fase I, Fase II, Fase III, Fase IV e Fase V deste núcleo urbano.

A Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello do Porriño consideraron necesario o financiamento das actuacións no ámbito delimitado co obxectivo de potenciar a renovación dos edificios para conseguir un aforro mínimo de, polo menos, un 30% de enerxía primaria non renovable. Na actuación de rehabilitación dos edificios que compoñen o ERRP obxecto do presente acordo, estímase alcanzar unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de entre o 30% e o 45% para 105 vivendas.



BASE 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), teñen por obxecto regular o procedemento para participar no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR publicado no Boletín Oficial do Estado número 239, do 6 de outubro (en diante RD 853/2021) e a Resolución do 8 de xuño do 2022 pola que se regula o procedemento para participar no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR (R.08.07.22) financiado pola Unión Europea Next Generation e se abre o prazo para a anualidade 2022 en aplicación do RD 853/2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente convocatoria, enmarcada no Compoñente 2 do PRTR, proxectos denominados C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» liña 1 “Rehabilitación a nivel barrio”, ten a finalidade de financiar obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada de eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, dentro dos contornos residenciais de rehabilitación programada do Concello do Porriño para a anualidade 2022, con carácter plurianual.

A concesión das subvencións recollidas nestas bases tramitarase inicialmente polo procedemento de concorrencia simple a través dunha convocatoria pública, seguindo a orde de entrada das solicitudes que teñan completa toda a documentación requirida ata esgotar o número de actuacións e/ou crédito dispoñible previsto no convenio asinado na Comisión bilateral celebrada o 11 de maio de 2023 entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello do Porriño e/ou addendas que se poidan subscribir posteriormente dentro dos seus ámbitos de aplicación.

No caso de non esgotar o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria, poderá volverse abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada da Oficina de Rehabilitación e acordo de Alcaldía, contando coa necesaria publicidade establecida na presentes bases reguladoras e especificando o tipo de procedemento.

A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario, ás resolucións ditadas polos responsables do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e/ou da Xunta de Galicia para a aplicación do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel barrio en Galicia e á aceptación da documentación xustificativa por parte do Concello do Porriño.

2. BASES REGULADORAS

As subvencións previstas nesta convocatoria teñen como bases reguladoras —que, polo tanto, rexen a todos os efectos— o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, que regula os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR, coas especificacións e limitacións recollidas na Resolución do 8 de xullo de 2022 do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.



En todo o non recollido nas bases reguladoras e nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello do 14 de decembro de 2020 polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID – 19, Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR, Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o PRTR, Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, Real decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR e as demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen ás anteriores e que sexan de aplicación.

En defecto do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puidesen resultar aplicables.

3. FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

Con cargo aos fondos transferidos á Comunidade Autónoma polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agencia Urbana, mediante a resolución de data 26 de outubro de 2021 financiado pola Unión Europea Next- GenerationEU, financiarase dentro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio (Programa 1), ata un máximo de **1.000.000,00 €** dos custos incluídos no investimento subvencionable correspondente a este programa, coa seguinte desagregación:

Rehabilitación edificatoria	Ayuda/Axuda base	614.335,00 €
	Retirada de amianto	100.118,14 €
	Incremento por vulnerabilidad/vulnerabilidade	157.971,86 €
Regeneración/Rexeneración urbana		127.575,00 €
Oficina de Rehabilitación		0,00 €
TOTAL		1.000.000,00 €

A concesión destas axudas imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 1522.7800000, e proxecto contable 2023035, na que existe crédito para esta liña de axudas por importe de 872.425 € segundo a desagregación indicada no cadro superior.

4. BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS

1. Ao abeiro do artigo 13 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, poderán ser persoas destinatarias destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varios/as beneficiarios/as, a axuda distribuirase en proporción ao custo e á responsabilidade asumida por cada un.



As persoas destinatarias últimas das axudas ou, de ser o caso, o axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta delas, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos citados artigos, ben que non poderá procederse ao pagamento da axuda en tanto non se acredite estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Polo que poderán ser consideradas beneficiarias:

- I. As persoas propietarias ou usufrutuarias de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben persoas xurídicas de natureza privada.
- II. As comunidades de persoas propietarias conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.
- III. As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias dun edificio que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motivan a concesión da subvención.
- IV. As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou constituídas conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.
- V. As empresas arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas que acrediten esta condición, mediante contrato vixente, que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa.

2. Cando resulten beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán declarar expresamente na solicitude que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

Para as entidades que carezan de personalidade xurídica propia, sexa beneficiaria, coa excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facer constar expresamente, na solicitude que quedarán recoñecidos, na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios/as. Nestes casos, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata ter transcorrido o prazo



de prescripción previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (4 anos polo posible reintegro, artigo 35, ou a prescripción de sanción, do artigo 63).

3. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursoas nalgunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, excepto a da letra e) dos citados artigos, relativa á obriga de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

4. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e á responsabilidade asumida por cada unha.

5. Cando a persoa propietaria da vivenda e a persoa arrendataria da mesma acorden que esta última costee o seu cargo, as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda, a persoa arrendataria poderá solicitar da comunidade de persoas propietarias ou, no seu caso, da persoa propietaria única, a adopción do correspondente acordo que se require para solicitar estas axudas. Neste suposto a persoa arrendataria poderá ter consideración de beneficiaria.

1. ACTUACIÓNS OBXECTO DAS AXUDAS

Segundo o establecido nas bases reguladoras, serán subvencionables as actuacións recollidas no programa sempre que non foran iniciadas ou realizadas antes da entrada en vigor da presente convocatoria.

De acordo co artigo 1.5 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, as actuacións subvencionables recollidas nos diferentes programas estarán suxeitas ao pleno cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (DNSH) e á etiquetaxe climática e dixital de acordo co que prevén as disposicións europeas e nacionais e, especificamente, o Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, e o Regulamento 2020/852 do Parlamento Europeo e Consello do 18 de xuño de 2020 e a Guía técnica da Comisión Europea sobre a aplicación deste principio.

De conformidade co artigo 14 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, son subvencionables as actuacións de mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda cos límites de investimento máximo subvencionable establecidos no artigo 15 do dito Real decreto, sempre que se obteña unha redución de, polo menos, o 30 % do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética.

En edificios situados nas zonas climáticas C, D e E, segundo a clasificación climática do Código técnico da edificación, debe, así mesmo, conseguirse unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio, segundo corresponda, de polo menos:

- Zonas climáticas D e E: un 35 %.
- Zona climática C: un 25 %

Nos edificios nos que se realizaran, nos últimos catro anos, intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior á establecida anteriormente nesta mesma letra, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración. Cando nas ditas intervencións non se alcance unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida poderá considerarse satisfeito o requisito, se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude



se alcanzara a correspondente porcentaxe de redución de demanda establecida, o que deberá acreditarse mediante a correspondente certificación de eficiencia enerxética.

Entre as actuacións subvencionables incluíranse aqueles gastos necesarios para o desenvolvemento do conxunto de actuacións anteriores, incluíndo os da xestión inherente ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados, os de honorarios dos/das profesionais intervinientes, os de redacción dos proxectos e dirección de obra, certificados e informes técnicos, os derivados da tramitación administrativa, actuacións de realoxo temporal de ocupantes, acompañamento social e outras similares vinculadas ás actuacións de desenvolvemento do ERRP. Non se consideran custos subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

O prazo para executar as obras de mellora enerxética non poderá exceder de vinte e seis meses desde a concesión da axuda. Este prazo poderase ampliar excepcionalmente, ata vinte e oito meses, cando se trate de edificios ou actuacións que afecten a 35 ou máis vivendas.

Só poderá autorizarse unha ampliación dos prazos fixados para a execución das actuacións cando obedeza a circunstancias imprevisibles, debidamente xustificadas, que fagan imposible o seu cumprimento, a pesar de adoptarse, por parte dos/das destinatarios/as últimos/as das axudas, as medidas técnicas e de planificación mínimas que lles resultaban esixibles. Especificamente, poderase autorizar esta ampliación cando a licenza ou autorización municipal correspondente se demore máis de seis meses desde a súa solicitude.

En ningún caso poderán autorizar ampliacións de prazos para a execución das actuacións obxecto de axudas que superen, no seu cómputo total, os trinta e seis meses contados desde a data de concesión da axuda.

En todo caso, as actuacións obxecto de financiamento a través desta convocatoria deberán estar finalizadas e xustificadas antes do 30 de xuño do 2026, de non existir modificacións ou prórroga dos acordos asinados.

Os edificios para os que se solicite financiamento deste programa deben cumprir os seguintes requisitos:

- a. Cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación, así como contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.
- b. Dispoñer de proxecto das actuacións que se van realizar. No caso de que as actuacións non esixan proxecto, será necesario xustificar nunha memoria subscrita pola persoa técnica competente a adecuación da actuación ao Código técnico da edificación e demais normativa de aplicación. En ambos os casos se deberá incluír o Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, en inicio achegarase un estudo sobre o potencial de mellora do edificio ou vivenda con relación aos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e un Plan de actuación no que se identifique a actuación e mellora proposta, debendo achegar o Libro do edificio dentro do prazo que lle sexa indicado con posterioridade.

O proxecto incluírá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que se desenvolverá posteriormente no correspondente Plan de xestión de residuos de construción e demolición, conforme ao establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, onde se cumprirán as seguintes condicións:



- ✓ Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na listaxe europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo que empreguen residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
- ✓ Os/as operadores/as deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Alén diso, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realízase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.
- c. O deseño dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887, ou outras normas para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.
- d. Retirar do edificio ou do ámbito obxecto de actuación aqueles produtos de construción que conteñan amianto. A retirada deberá realizarse conforme ao establecido no Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, por unha empresa legalmente autorizada. A xestión dos residuos orixinados no proceso deberá realizarse conforme ao establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
- e. O edificio deberá ter seguridade estrutural ou conseguila mediante o proceso de rehabilitación.
- f. Nas obras de rehabilitación deben utilizarse solucións construtivas, tipolóxicas e formais coherentes coas características arquitectónicas do edificio.
- g. As actuacións deberán adaptarse á contorna e ambiente urbano no que estean situados os inmobles, para o que deberán harmonizar co ámbito edificatorio ao que pertencen sen romper o equilibrio da paisaxe, ou desfigurar a perspectiva do conxunto. A tipoloxía das construcións, os materiais e as cores empregadas deberán favorecer a integración na contorna inmediata, na paisaxe e na escena urbanas.

O plan vixente non conta cunha ordenanza específica de aplicación no conxunto de vivendas promovidas con algún tipo de réxime de protección oficial, como é o caso da maioría dos conxuntos de edificios e vivendas que se atopan delimitados e declarados como ERRP para a aplicación do programa de barrios, que axude a preservar a harmonía estética destes conxuntos e a integración co medio ambiente. Xa que logo, este programa de axudas, deberá garantir, ademais dunha mellora de eficiencia enerxética, un nivel mínimo de adaptación ao ambiente urbano das edificacións nas que se actúe; para acadaren este nivel mínimo de actuacións deberán cumprir as seguintes condicións:



- I. **Acabados de fachadas e cubertas.** No uso de materiais seguirase un criterio unitario, de maneira que as mesturas de calidades, cores e texturas se reducirán ao mínimo indispensable e responderán a un ritmo existente na proposta orixinal do conxunto.

Cando se realicen obras que afecten o aspecto exterior de inmobles, que se correspondan con comunidades independentes, pero que en orixe formasen parte de conxuntos e barrios proxectados con criterios uniformes, poderase esixir a adecuación dos tratamentos que se apliquen a criterios dirixidos a preservar ou recuperar a homoxeneidade dos inmobles da contorna. Por iso será preciso presentar documentación xustificativa que inclúa un estudo global do conxunto das fachadas no que se acredite a harmonía co conxunto.

- II. **Acabados en medianeiras.** As medianeiras trataranse co mesmo criterio que as fachadas principais.
- III. **Carpintarías exteriores.** No caso de substitución das carpintarías, deberán manter o material orixinal. No caso de cambio de material, este deberá ser igual ao do resto do edificio, ou segundo acordo coa veciñanza e a normativa urbanística en vigor que lle sexa de aplicación.
- IV. **Instalacións en fachada.** Con carácter xeral, prohibese a colocación nas fachadas exteriores de elementos correspondentes a instalacións particulares que sobresaian do parámetro exterior, tales como, antenas, aparellos de aire acondicionado, extractores, chemineas ou condutos e compoñentes análogos. No caso de realizaren obras en fachadas, deben retirarse todos estes elementos discordantes de fachadas que incumpran a normativa municipal. As instalacións xerais, baixantes, conducións de gas, telecomunicacións etc., situaranse preferentemente en patios internos ou nas fachadas interiores dos edificios, admitíndose nas fachadas exteriores só cando se acredite a imposibilidade doutra solución. Neste caso requirirase que as conducións estean representadas na documentación gráfica, buscando solucións que mitiguen o seu impacto ambiental.

1. COMPROMISO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE (DNSH) E CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

De conformidade co estipulado no apartado anterior, os/as beneficiarios/as e as demais entidades e persoas que interveñan na execución desta convocatoria deberán garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «*Do No Significant Harm-DNSH*») e a etiquetaxe climática (verde) e dixital, de acordo co previsto no PRTR, na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do PRTR (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

En todo caso, os/as beneficiarios/as preverán mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «*Do No Significant Harm-DNSH*») para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

a. Con relación á contribución do compoñente á transición ecolóxica:



Conforme ao PRTR aprobado:

- a.i. O investimento C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais (Liña 1. Rehabilitación a nivel barrio)» inclúese dentro do ámbito de intervención: 025bis “Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética”, e 131 “Rexeneración da contorna física e seguridade dos espazos públicos”; e aqueles contribúen en materia de etiquetaxe verde nas seguintes porcentaxes:

Etiquetaxe verde		
C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais»		
Ámbitos de intervención	Obxectivos climáticos	Obxectivos medioambientais
025 bis	100%	40%
131	0%	0%

Así mesmo, sobre este punto, deberase ter en conta o seguinte:

Con relación ao investimento **C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornos residenciais» (Liña 1)** :

- i. **Mitigación do cambio climático:** este investimento busca unha maior eficiencia enerxética e unha maior implantación de enerxías renovables nas contornas residenciais, tanto a través de subvencións e outros instrumentos de apoio de carácter fiscal como beneficios fiscais e liñas de avais. Deste xeito mellorase a eficiencia enerxética conforme ao establecido na Directiva 2010/31/EU. Por tanto, isto contribúe positivamente á mitigación do cambio climático.
- ii. **Adaptación ao cambio climático:** o 88,4% do investimento destínase a actuacións que poden acollerse ao campo de intervención 25bis do anexo do regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) cun coeficiente de cambio climático do 100 %. Segundo o documento "Impactos e riscos derivados do cambio climático en España" (2020) as ameazas máis importantes para os elementos construídos en áreas urbanas son o aumento das temperaturas e dos episodios de ondas de calor, así como o incremento das precipitacións intensas. As actuacións previstas neste investimento melloran as condicións das edificacións ante as ameazas sinaladas, xa que inclúen a mellora nas condicións dos edificios e da contorna urbana para facer fronte ás ditas ameazas.
- iii. **Uso sostible e protección da auga e os recursos mariños:** non se espera que as actuacións previstas nesta medida teñan efectos significativos sobre o bo estado ou bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e subterráneas, ou o bo estado ecolóxico das augas mariñas, dado o seu desenvolvemento en áreas xa urbanizadas.
- iv. **Prevención da polución e control do aire, auga e terra:** de igual maneira que ocorre coas emisións GEI, non se espera que as medidas que comprende o investimento dean lugar a un aumento significativo das emisións de contaminantes á atmosfera, á auga ou ao chan. De feito, o seu obxectivo é precisamente contribuír a reducir as devanditas emisións, xa que as actuacións están orientadas a promover a rehabilitación de vivenda que asegure unha mellora da eficiencia enerxética a través da redución do consumo de enerxía primaria non renovable, o que comporta unha notable redución de emisións de contaminantes atmosféricos, asociados de maneira



directa á referida diminución do consumo enerxético. Os compoñentes e materiais de construción utilizados no desenvolvemento das actuacións previstas nesta medida non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

- v. **Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas:** non se prevé que esta medida supoña impactos directos ou indirectos negativos sobre a biodiversidade ou os ecosistemas. As accións expostas poderían supoñer melloras con relación a este obxectivo, derivadas, das actuacións de rexeneración física que poderán contemplar, entre outras medidas, o deseño de microespazos de biodiversidade e a construción e rehabilitación de parques.
- vi. **Transición a unha economía circular:** cumpríranse as seguintes condicións a nivel de proxecto:
- Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 /EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
 - Os/as operadores/as deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realizarase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.
 - Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmorte ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

a. Con relación á contribución do compoñente á transición dixital:

Conforme ao PRTR aprobado, deberase ter en conta o seguinte:

A contribución á transición dixital dos investimentos deriva do financiamento de determinadas actuacións no marco da avaliación da transformación dixital, tanto no ámbito da vivenda coma no conxunto dos edificios e contornas urbanas nos que se intervén. En particular, pódese destacar a contribución específica do Compoñente 2 nos seguintes ámbitos:

- i. **Conectividade:** as actuacións e medidas obxecto do Plan inclúen a mellora e garantía da accesibilidade, tanto no dominio público (desde o nodo de comunicacións ata o portal da vivenda ou o punto no que comece a propiedade privada, sexa comunitaria ou de propiedade individual), coma no dominio privado común, dentro dos edificios (a través dunha infraestrutura común de telecomunicacións da comunidade de propietarios/as, en edificios de tipoloxía de vivenda colectiva).



- ii. **Investimentos en I+D no ámbito dixital:** o tipo de operacións previstas no Plan inclúe o financiamento de determinadas actuacións de rehabilitación que comportan melloras na infraestrutura dixital das vivendas e os edificios, públicos ou privados, co que, de maneira indirecta, se contribúe e apoia a investigación e desenvolvemento de produtos neste ámbito.
- iii. **Capital humano:** o conxunto de programas contidos no Plan estimula a rehabilitación na esfera dixital, co que se potencia a creación de oportunidades laborais neste ámbito de especialización, así como se propicia o desenvolvemento profesional e a produtividade do sector.
- iv. **Administración electrónica:** os programas previstos no Plan establecerán un avance en materia de administración electrónica no que se refire ás vías e procedementos de concesión das diferentes vías de financiamento, sobre a base da transparencia e a colaboración interadministrativa entre o Estado e as comunidades autónomas (CCAA).
- v. **Dixitalización de actividades:** en termos xerais, o conxunto de programas e medidas contribúe á dixitalización do sector e á profesionalización, así como á mellora da capacidade de xestión dixital dos edificios a través da iniciativa do Libro do edificio existente, que permite establecer unha folla de ruta de mellora das prestacións enerxéticas e dixitais.
- vi. **Investimento en capacidades dixitais e desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas:** como se sinalaba anteriormente, a mellora das infraestruturas dixitais dos edificios e das contornas urbanas en que se realizarán as operacións comporta unha mellora das capacidades e desenvolvemento de novas tecnoloxías.
- vii. **Transición ecolóxica do sector dixital:** existe unha clara vinculación entre a esfera ambiental e a dixital que contribúe a reforzar o conxunto dos programas previstos no Plan. Dunha maneira directa, a dixitalización de edificios e tecidos urbanos mellora o comportamento ambiental (consumo de enerxía, redución de emisións, xestión de residuos etc.).

Todos os mecanismos e aliñamentos mencionados nesta cláusula deberán asegurarse durante todas as fases do deseño e a execución das actuacións e proxectos.

1. CONTÍA DAS AXUDAS

O valor subvencionable constitúe o custo total de todas as actuacións que se subvencionen. Os prezos das partidas non poderán superar os custos medios de mercado, polo que os técnicos da Oficina de Rehabilitación revisarán os orzamentos achegados e rebaixarán o prezo das partidas no caso de superar estes custos medios.

De conformidade co disposto no artigo 15 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custe total das actuacións para desenvolver, segundo os criterios de fixación de contías establecidos na táboa seguinte, en que poida superar os límites resultantes que se describen a seguir:

- a. A cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima establecida na táboa seguinte polo custo das actuacións subvencionables.
- b. A cantidade obtida de multiplicar a contía máxima de axuda por vivenda, establecida na táboa, polo número de edificios, incrementada, se é o caso, pola axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos a vivenda, fixada na mesma táboa, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido



mediante a actuación. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Táboa 1.3.

Aforo enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Vivenda	Locais comerciais ou outros usos
		Contía máxima da axuda por vivenda	Contía máxima da axuda por m ²
$30 \% \leq \Delta Cep, nrenv < 45 \%$	40 %	8.100 €	72 €
$45 \% \leq \Delta Cep, nrenv < 60 \%$	65 %	14.500 €	130 €
$\Delta Cep, nrenv \geq 60 \%$	80 %	21.400 €	192 €

Naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ao transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación.

Non se poderán incluír os impostos, taxas ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

O importe íntegro das contías das axudas percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias, destinarase ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias e agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe da mesma coma o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, no seu caso, nas persoas propietarias de locais comerciais ou predios doutros usos compatíbles, de conformidade, coas regras previstas na lexislación sobre propiedade horizontal.

Pese ao disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias non puidese percibir a axuda por algunha causa legal, non se atribuirá á devandita persoa propietaria ou usufrutuaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

1. AXUDA ADICIONAL POR VULNERABILIDADE ECONÓMICA

De conformidade co disposto no artigo 15.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunha das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas incluídas na contorna residencial definida, e de acordo cos criterios establecidos na Comisión bilateral de seguimento, poderá concederse unha axuda adicional que poderá alcanzar ata o 100 % do custo da actuación imputable á dita persoa propietaria ou usufrutuaria, de acordo cos seguintes criterios, e condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética, esixidos neste programa, segundo o indicado no ordinal décimo cuarto da R. 08.07. 2022:



Táboa 1.3.1

Edificio de tipoloxía residencial colectiva, por vivenda				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético conseguido		
		$30 \% \leq \Delta Cep, nren < 45 \%$	$45 \% \leq \Delta Cep, nren < 60 \%$	$\Delta Cep, nren \geq 60 \%$
Menos ou igual a 2,1	Porcentaxe axuda	100 %	100 %	100 %
	Contía máxima de subvención	20.250,00	23.308,00	26.750,00
Entre 2,1 e 2,6 veces	Porcentaxe axuda	60 %	75 %	90 %
	Contía máxima de subvención	12.150,00	16.731,00	24.075,00

Vivenda unifamiliar				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético conseguido		
		$30 \% \leq \Delta Cep, nren < 45 \%$	$45 \% \leq \Delta Cep, nren < 60 \%$	$\Delta Cep, nren \geq 60 \%$
Menos ou igual que 2,1	Porcentaxe axuda	100 %	100 %	100 %
	Contía máxima de subvención	22.550,00	24.538,80	29.425,00
Entre 2,1 e 2,6 veces	Porcentaxe axuda	60 %	75 %	90 %
	Contía máxima de subvención	13.530,00	18.404,10	26.482,50

Os ingresos sinalados nos cadros anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do indicador público de renda de efectos múltiples – IPREM (14 pagas) multiplicado polo coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar). Sendo o valor do IPREM de 8.400 euros no momento da publicación destas bases. As contías por tramos corresponderanse ás indicadas na seguinte táboa:

Número de membros	Coeficiente corrector
Familias de 1 membro	1
Familias de 2 membros	0,9
Familias de 3 membros	0,8
Familias de 4 membros	0,75
Familias de 5 ou máis membros	0,7

- Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese conforme co previsto na táboa anterior.
- No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nacidos contarán como membros da unidade familiar, para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto na táboa anterior, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. O embarazo acreditarse de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á



muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

- c. No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das recollidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados de acordo co previsto nos puntos anteriores, sumaranse e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nos cadros anteriores.
- d. Para os efectos do establecido neste ordinal, os termos incluídos nel interpretaranse co significado e alcance seguintes:
 - I. Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.
 - II. Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
 - III. Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): é o indicador definido no Real decreto-lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

BASE 2ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

1. ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS COMPETENTES PARA INSTRUÍR E RESOLVER O PROCEDEMENTO

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana xestiona os fondos do PRTR territorializando na Comunidade Autónoma de Galicia e no concello do Porriño unha parte da xestión.

1.- Posto que o concello do Porriño ten o recoñecemento como entidade xestora do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR a través da súa Oficina Municipal de Rehabilitación, e mediante as correspondentes convocatorias de axudas, tramitará os expedientes de subvencións presentadas e realizará as xestións derivadas das esixencias deste programa nos contornos residenciais de rehabilitación programada declarados, baixo as directrices e a coordinación do IGVS segundo a aplicación habilitada para o efecto polo Ministerio. Ademais, propoñerá as medidas necesarias para desenvolver as actuacións obxecto deste programa. Alén diso, asesorará e presentará unha atención directa, persoal e especializada ás persoas promotoras que leven a cabo as actuacións financiadas e poderá asumir as funcións de axente rehabilitador previsto no artigo 8 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, realizando as actuacións de impulso, seguimento, xestión de axudas públicas, elaboración de documentación ou proxectos técnicos, no seu caso, así como outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións que poidan ser obxecto de financiamento a través deste programa.

A maiores, a Oficina Municipal de Rehabilitación poderá, previa solicitude, realizar o certificado de Eficiencia enerxética que acredite a redución da demanda enerxética anual, o informe que xustifique a adecuación do proxecto ao Código Técnico da Edificación (CTE) e normativas de aplicación e o Certificado de Eficiencia Enerxética resultante das actuacións rematadas. Para poder optar a elo, a Oficina Municipal de Rehabilitación revisará a documentación presentada para a subvención (sendo necesario a presentación de toda a



documentación con excepción dos documentos solicitados) e emitirá o correspondente informe. Dito informe será favorable no suposto de que dita petición reúne as condicións necesarias para poder optar á subvención, sendo o máximo de peticións a aceptar de 105.

Presentada a documentación que se solicita na presente convocatoria, o persoal técnico da Oficina de Rehabilitación realizará unha visita e inspección ao edificio ou vivenda para comprobar o estado da edificación, elaborando un informe sobre a adaptación da solicitude aos requisitos técnicos previstos no Programa e realizará unha proposta de resolución.

2.- A instrución do procedemento é competencia do departamento de Urbanismo do Concello do Porriño, que actuará como ente instrumental na tramitación das axudas a través da súa Oficina de Rehabilitación.

3.- Correspóndelle a Alcaldía resolver a concesión das axudas solicitadas.

4.- O seguimento do cumprimento do convenio será efectuado pola Comisión bilateral de seguimento, segundo o previsto no artigo 72 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana poderá realizar as comprobacións, visitas e actuacións necesarias para verificar o estado de execución das obras e actuacións, así como o cumprimento dos compromisos adquiridos no acordo 33 da Comisión bilateral.

Así mesmo, a Comisión bilateral de seguimento poderá realizar as modificacións que resulten necesarias no acordo 33 ante as eventualidades que puidesen producirse, coa finalidade de asegurar o desenvolvemento das actuacións ata a súa total execución, de conformidade co establecido 71.3 do RD 853/2021.

2. FASES DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

2.1.1. INICIACIÓN

O procedemento para a concesión de subvención en réxime de concorrencia simple iníciase mediante a convocatoria aprobada polo órgano competente e a súa publicación.

2.1.2. INSTRUCIÓN

Cada solicitude xerará, no momento do seu rexistro, un número de expediente.

No suposto de non presentar a solicitude coa documentación completa, considérase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación da documentación relativa á devandita solicitude.

Unha vez admitidas as solicitudes, introducíranse os datos das persoas solicitantes na plataforma habilitada para ese fin polo Ministerio, como é CoFFEE, e deberá realizarse a análise de risco de existencia de conflito de intereses a través da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na ORDE HPF/55/2023, do 24 de xaneiro. Para estes efectos, a dirección da Oficina de Rehabilitación dará traslado ao/á responsable da operación das solicitudes admitidas no proceso (nome completo e NIF) e da relación nominal dos membros dos órganos decisorios que intervirán no procedemento, no que constarán o nome completo e o NIF. Inclúiranse, así mesmo, os membros da Oficina de Rehabilitación e da



Comisión de Valoración que intervirán no procedemento de valoración de cada unha das solicitudes. Asemade, remitirase o DACI de cada unha destas persoas.

Unha vez comprobada a inexistencia de conflito de interese ou liquidado este, conforme ao previsto na Base 8ª, procederase á revisión de toda a documentación e á elaboración dun borrador de resolución. Para estes efectos, a Oficina de Rehabilitación poderá solicitar os informes técnicos ou aclaracións que estime precisos.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ás persoas interesadas para que emenden a falta e presenten os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que, de non facelo, teráselle por desistida a súa petición, conforme o establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e arquivo das actuacións, polo transcurso do prazo de tres meses de paralización do procedemento imputable á persoa interesada.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Oficina de Rehabilitación emitirá un informe co resultado da convocatoria correspondente, no que se identificará a persoa solicitante, data de achega da solicitude, número de expediente e data da documentación completa.

Con todo, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos esixidos, cando o número de actuacións e o crédito consignado en cada convocatoria sexa suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación establecido na convocatoria.

2.1.3. RESOLUCIÓN

O prazo para resolver o outorgamento da subvención será de dous meses contados desde a data da presentación da solicitude, que incluírá a documentación complementaria. Finalizado este prazo sen resolución nin notificación expresa, poderán entenderse por desestimadas por silencio administrativo. A resolución do procedemento notificaráselle ás persoas interesadas conforme co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A resolución estimatoria indicará a persoa ou entidade beneficiaria, as actuacións subvencionables, o custo elixible, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, o seu prazo de finalización e de xustificación e, no seu caso, a procedencia do financiamento da axuda con cargo aos fondos europeos.

Cando a actuación non conte coa licenza de obras concedida, a resolución da axuda quedará condicionada á obtención da licenza para todas as obras que se van realizar.

En aplicación do artigo 125.3 c) do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Concello do 17 de decembro do 2013, en concordancia co disposto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, a resolución de concesión operará como “Documento que establece as condicións da axuda” (DECA), deberá ser aceptada expresamente pola persoa destinataria no prazo de dez días, a contar desde o día seguinte, ao da notificación da mesma, entendéndose que se renuncia á mesma se non se envía esta aceptación en prazo.

Contra esta resolución de outorgamento ou denegación de subvención poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses. En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, as persoas ou entidades interesadas poderán desistir das súas solicitudes. Estas desistencias serán aceptadas pola Administración concedente, que declarará concluído o procedemento.



3. TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

As persoas solicitantes da subvención deberán comunicarlle á Oficina de Rehabilitación, a finalización das obras e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas. Posteriormente, a Oficina de Rehabilitación deberá verificar, antes de proceder ao pagamento das axudas, ademais dos requisitos previstos na normativa reguladora das subvencións para a xustificación e pagamento das axudas, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de concesión, no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e na R. 08.07.2022.
- Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
- Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das devanditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de concesión.
- Que consta o correspondente certificado de final de obra.
- Que consta o certificado de eficiencia enerxética de cada edificio ou vivenda unifamiliar previo á intervención debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE).
- Que as facturas e documentos bancarios de pagamento presentados, correspondentes ás sobreditas actuacións e están pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.
- Que consta a documentación acreditativa da retirada do edificio obxecto de actuación daqueles produtos de construción que conteñan amianto conforme co previsto no artigo 11.1.c) do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

Despois das devanditas comprobacións, a Oficina de Rehabilitación procederá á elaboración de informes de finalización e adecuación a estas Bases de subvención e á realización das xestións oportunas na plataforma CoFEEE ata a súa completa xustificación ante o Ministerio.

A Oficina de Rehabilitación procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e coa condición de que se acredite que a actuación concreta está totalmente executada. De igual modo, minorarase a subvención estimada ou concedida no caso de non cumprir coa redución do consumo de enerxía primaria non renovable previsto inicialmente e sempre que se garanta o mínimo establecido de polo menos un 30%, xa que de non ser o caso, perderíase o dereito á cobranza da subvención.

O Concello do Porriño procederá ao pagamento das subvencións tras as oportunas dilixencias de fiscalización.

1. OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais das recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas e as entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

1. Realizar a totalidade das actuacións para as que se concedeu a axuda, dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión; nas que se cumpran as condicións e prescricións que nela se establecen, se xustifique a execución da actuación e se presenten os documentos sinalados nestas bases reguladoras.
2. Comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, á Oficina de Rehabilitación do Concello do Porriño, calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda.



3. Permitirlle ao Concello e/ou ao IGVS e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a realización das inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou destino da subvención concedida e as que se deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) N° 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, Regulamento do MRR, e demais disposicións que articulen o MRR e o PRTR.
4. Adoptar as medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento, a través do Plan antifraude propio do Concello do Porriño.
5. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.
6. Levar a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, con relación á identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información, debendo:
 - Informar do NIF do contratista ou subcontratistas.
 - Informar do nome ou razón social.
 - Informar do domicilio fiscal do/da contratista e, no seu caso, subcontratistas.
 - Esixir a declaración de aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (modelo anexo VII).
 - Esixir a declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR, no que se declara informado da normativa de aplicación (DACI) (modelo anexo VI).
 - Esixir a declaración responsable relativa ao compromiso para respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés *Do No Significant Harm*) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do PRTR (modelo anexo V).
 - Esixir a acreditación da inscrición no censo de empresarios/as, profesionais e retedores/as da Agencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.
1. As persoas beneficiarias deberán gardar a rastrexabilidade de cada un dos investimentos e actuacións realizadas, así como a correspondente documentación acreditativa durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación, incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento UE 2021/241. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros (prazos e importe aplicables por remisión ao artigo 132 do Regulamento financeiro).
2. Fornecer ao Concello do Porriño, previo requirimento, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento dos deberes previstos no título I da citada Lei.



3. Cumprir cos requisitos que figuran no manual de imaxe do Programa que estará dispoñible na web do Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, así como o establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE), N° 2021/241 polo que se establece o MRR; en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas.
10. Cumprir na execución das actuacións subvencionables coa normativa medio ambiental comunitaria, nacional e autonómica e, en particular, co principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente, respecto aos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) N° 2020/852.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente ou a intervención xeral da comunidade autónoma, a intervención xeral da Administración xeral do Estado, o Tribunal de Contas e Consello de Contas, así como as medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) n° 2021/241 do MRR e o Regulamento (UE) N° 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo do 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da unión. En particular, deberán autorizar á comisión europea, á oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de Contas Europeo, e cando cumpra, á Fiscalía Europea a exercer os dereitos que recoñecen o artigo 129, punto 1 do referido regulamento.
5. As demais obrigas que derivan desta resolución, do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro; da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, así como a normativa da Unión Europea aplicable para a certificación dos fondos europeos e destas bases e convocatoria.
6. Establecer mecanismos que garantan que as actuacións para realizar por terceiras persoas contribúan á consecución das actuacións previstas e que estes terceiras faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para delimitar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución das actuacións obxecto de concesión de subvención con relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación da persoa destinataria final dos fondos, ben como beneficiaria da axuda, ben como adxudicataria dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
7. Informar ao Comité técnico do Programa Municipal Fondos do PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto de concesión de subvención, de forma que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan respecto diso en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución destas subvencións con relación a: “fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do/a destinatario/a final dos fondos, ben como beneficiario/a da axuda, ben como adxudicatario/a dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
8. As persoas beneficiarias deberán asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento. As entidades beneficiarias deberán comunicarlle á Administración que conceda as subvencións a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, sen incorrer en



dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outra Administración ou ente público, nacionais ou internacionais.

9. As persoas beneficiarias deben cumprir coas obrigas en materia de información, comunicación, divulgación e publicidade previstas na presente convocatoria e no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 2021/241, relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, sobre o financiamento da Unión Europea das medidas incluídas no PRTR.
10. Xunto coa solicitude, deberanse presentar todas as declaracións mencionadas nesta convocatoria.

1. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, no seu caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por estas bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación.

En todo o caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

As persoas e as entidades beneficiarias deberán comunicarlle á Oficina Municipal de Rehabilitación, a finalización das obras relativas a cada unha das anualidades previstas na resolución de concesión e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas. Estas comunicacións, parciais ou finais, realizaranse mediante a presentación do anexo IX destas bases xunto coa documentación correspondente descrita na base 3.5.

As actuacións deberán ser executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de concesión, no Real decreto 853/2021, na R.08.07.2022 e nas presentes bases e a súa xustificación, xunto co anexo IX, deberá vir acompañada da documentación sinalada na base 3.5.

Transcorridos os prazos indicados no apartado 3.5, sen que as persoas ou entidades beneficiarias presenten a documentación xustificativa da anualidade correspondente, a Oficina de Rehabilitación requiriráas para que a presenten nun prazo improrrogable de quince días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións (LXS). A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á persoa beneficiaria das sancións que, conforme á LXS, correspondan.

As persoas beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento en virtude do establecido na resolución de concesión que lles foi notificada. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento subvencionable, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 30% do investimento subvencionable; de non alcanzarse ese mínimo, enténdese que non se lograron os obxectivos propostos na solicitude e, por tanto, determinarase a perda do dereito para cobrar a subvención concedida.

Se a xustificación é superior ao 30%, pero sen alcanzar o 100 % do investimento subvencionable, percibirase a subvención proporcional correspondente ao investimento



xustificado admisible, sempre que se cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os que se concedeu a axuda.

Ademais, en cada caso, cada consellería poderá esixir a presentación de diferentes documentos acreditativos como solicitudes de pago, entre outros.

Para cobrar a subvención concedida as persoas beneficiarias deberán presentar, mediante a modalidade de conta xustificativa (conforme ao artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), xunto coa solicitude de cobranza, documentación prevista na base 3º punto 5.

3. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN. ANTICIPOS

1.- O pagamento, total ou parcial da subvención requirirá que a persoa ou entidade beneficiaria presente a documentación relacionada no punto anterior. A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos na solicitude oficial.

2.- De maneira excepcional, e para os efectos de garantir a viabilidade das actuacións subvencionadas poderán autorizarse pagamentos anticipados de forma discrecional e motivada. Este será un único pagamento anticipado e será como máximo do 70% da axuda total e co límite da consignación orzamentaria anual, previa presentación das garantías establecidas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de Galicia, polo que se aprobou o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (cando a axuda sexa inferior a 18.000 euros estaría exento da presentación de aval ou seguro de caución), sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que non se supere o 70% do importe total da axuda concedida á persoa ou entidade beneficiaria, nin a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.
- b) Que se destinen exclusivamente a cubrir gastos da actuación obxecto da subvención e se xustifiquen adecuadamente.
- c) Que os/as destinatarios/as últimos destes anticipos acrediten que se atopan ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outros anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión de fondos europeos nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co establecido no artigo 61.3 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- No caso de que a axuda sexa superior a 18.000 euros, a solicitude de anticipo de pagamento estará condicionada á previa constitución dunha garantía bancaria ou dunha garantía equivalente, que corresponda ao 100% do importe que se solicita anticipar. Esta garantía liberarase cando se recoñeza o dereito definitivo a percibir o importe anticipado.

4.- Establécese un importe mínimo de 1.000 euros por baixo do cal non se tramitarán pagamentos anticipados.

5.- As persoas e entidades beneficiarias que cumpran os requisitos para solicitar o anticipo, presentarán, dentro dos prazos de execución de obras estipulados na Resolución de concesión das axudas, a seguinte documentación:

- Solicitude de anticipo (anexo X).
- Documento técnico no que se xustifique a necesidade do anticipo para a viabilidade da actuación, con indicación de: investimento que esixe pagamentos inmediatos e xustificación das razóns polas que non é posible a cesión do dereito de cobranza.
- Certificado parcial das obras executadas subscrito pola dirección facultativa e a dirección da execución da obra, no seu caso.



- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias; da Seguridade Social, do Concello do Porriño, en caso de non achegar autorización para consultar estes datos.
- Certificado bancario que recolla os datos da conta elixida para recibir a axuda.
- Declaración responsable, tanto da agrupación como dos seus membros, de non acharse incurso en ningún dos supostos do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003.

En caso de axuda superior ou igual a 18.000 euros deberá presentar:

- Copia da garantía bancaria.

1. CESIÓN DO DEREITO DE COBRANZA

As persoas e as entidades beneficiarias poderán ceder o dereito de cobranza da súa subvención á persoa contratista das obras obxecto desta axuda. Neste caso, deberán presentar, xunto coa comunicación da finalización parcial ou total da actuación prevista, o anexo XI, debidamente cuberto.

A cesión do dereito de cobranza non afectará ás obrigas asumidas polas persoas ou entidades beneficiarias como consecuencia da concesión da axuda, incluídas as de xustificación da subvención, nin ás facultades do Concello de Porriño sobre a revogación, modificación ou revisión da resolución de concesión e, no seu caso, do reintegro da subvención.

No caso de cesión do dereito de cobranza da subvención á persoa contratista das obras, a persoa e a entidade beneficiaria estarán exentas de presentar os xustificantes de pagamento do importe correspondente a estes dereitos cedidos.

BASE 3ª SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. SOLICITUDE

A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I, que estará dispoñible na páxina web do Concello do Porriño: <https://oporrino.org/>

Para a presentación electrónica das solicitudes poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos polo Concello do Porriño.

As comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a solicitude electronicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2 b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentaren as súas solicitudes presencialmente, requiriranse para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, consideraranse como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Non obstante, poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No modelo de solicitude deberán estar cubertos todos os campos e estar debidamente asinada. É imprescindible que figuren os seguintes datos:

- Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
- En caso de persoas físicas, data de nacemento e, en caso de persoas xurídicas, data de constitución.
- NIF



- Domicilio fiscal.
- Os datos do edificio ou vivenda que se vai rehabilitar.
- Referencia catastral.
- O número total de vivendas e, no seu caso, de locais do edificio para rehabilitar con indicación da superficie total sobre rasante, as superficies construídas sobre rasante con destino á vivenda e aos locais e outros usos compatibles, o consumo de enerxía primaria non renovable e a demanda enerxética conxunta de calefacción e refrixeración actual e a prevista tras a rehabilitación, as emisións de CO2 antes e despois da actuación, a cualificación enerxética do edificio en consumo enerxético e en emisións antes e despois da actuación, así como o número e data da inscrición do certificado de eficiencia enerxética no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE).
- O número total de vivendas partícipes nas obras e interesadas na subvención, a superficie total de locais partícipes nas obras e interesadas na subvención, o investimento total, o custe subvencionable, o importe total da axuda solicitada, así como as anualidades de execución, a porcentaxe de orzamento que se vai executar e a axuda para xustificar en cada unha delas.

Así mesmo, no caso de potenciais beneficiarios/as que desenvolvan actividades económicas, deberán presentar a acreditación da inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No modelo de solicitude deberán realizar as seguintes declaracións:

- I. Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.
- II. Declaración responsable de que non se lle concedeu ningunha axuda de minimis. No caso de solicitar ou obter axuda de minimis deberá indicar cal e a súa contía.
- III. Compromiso de comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.
- IV. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, excepto a da letra e) dos devanditos artigos relativa á obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- V. Declaración responsable de que están ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, co artigo 10.2 g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e co artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- VI. Declaración responsable de que a empresa á que se represente non está en crise de acordo coa definición de “empresa en crise” que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento UE nº 651/2014, do 17 de xuño, no seu caso.
- VII. No caso de persoas xurídicas de natureza privada, declaración de que se atopan debidamente constituídas, conforme á normativa que lles resulte de aplicación.
- VIII. Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidas nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.
- IX. Declaración de que todos os datos da súa solicitude son certos.

1. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA



Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta con data, número de identificación (DNI) do/a solicitante ou representante, número de expediente se é o caso e debidamente asinada.

Cando a documentación achegada estea incompleta ou defectuosa, requiriráselle á persoa solicitante que nun prazo improrrogable de 10 días hábiles emende o erro ou achegue a documentación preceptiva, con identificación de que, se non o fixese, terase por desistida a súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 68 da LPACAP.

En todo o caso o Concello do Porriño, como entidade xestora das subvencións, poderá requirirle á persoa solicitante (en calquera momento do procedemento) documentación complementaria se a considera necesaria para a xustificación do cumprimento dos requisitos do Plan.

Os/as solicitantes seleccionados/as terán a obriga de informar á Oficina de Rehabilitación de calquera circunstancia que puidese supoñer unha modificación das condicións tidas en conta para a selección e a posterior cualificación de actuación, as cales puidesen dar lugar á modificación da resolución.

As persoas e entidades interesadas deberán presentar xunto coa solicitude oficial a seguinte documentación:

- Relativa á persoa solicitante:
 - o Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante e beneficiarias últimas, e no seu caso, documentación acreditativa do/a representante, que actúe en nome da persoa física ou xurídica de natureza privada ou entidade solicitante.
 - o Escritura pública, certificado catastral (a condición de que o/a titular catastral coincida co/coa solicitante), nota simple rexistral ou calquera outro documento válido en dereito que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, xurídica de natureza privada ou agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais.
 - o Certificación bancaria co número de conta bancaria a nome do/a beneficiario/a da subvención.
 - o Certificación de cada unha das persoas propietarias de estar ao día coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de opoñerse á súa consulta por parte das administracións públicas. No caso de que algunha das circunstancias imposibilite a obtención dos citados datos, poderá solicitárselle ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.
 - o Documentación relativa aos ingresos da unidade familiar de convivencia, residentes con renda inferior a 3 veces o IPREM, para o caso de que se queira optar á porcentaxe adicional do Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana.
 - o No caso de potenciais beneficiarios/as que desenvolvan actividades económicas, deberán presentar a acreditación da inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- No caso de que a solicitante sexa unha comunidade de propietarios/as, achegarse ademais:
 - o NIF da comunidade de propietarios/as en vigor.



- o Documentación acreditativa da súa constitución.
 - o Documentación acreditativa da representación con que se actúa.
 - o Acordo da comunidade de propietarios/as que autorice a execución das obras, a solicitude da subvención, os orzamentos ou certificado da persoa titular da Secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
 - o Relación de persoas propietarias do edificio que inclúa a situación e a referencia catastral de cada vivenda ou local, coa súa cota de participación no custo das obras, e ademais, nas vivendas indicar se é uso propio o alugueiro.
- Relativa ao inmovible e as obras:
 - o Certificado de eficiencia enerxética que acredite unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración do edificio ou vivenda referida á certificación enerxética sobre a situación previa a ditas actuacións de polo menos un 30% no caso de que se realizaren a/s obra/s.
 - o Certificado de eficiencia enerxética de vivenda que acredite que a cualificación enerxética resultante no caso de que se realizaren a/s obra/s é A ou B.
 - o O proxecto da actuación para realizar ou, na súa falta, memoria xustificativa da actuación, que deberán contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima desta memoria será:
 - Memoria explicativa das actuacións previstas.
 - Xustificación da adecuación do proxecto ao Código Técnico da Edificación (CTE) e normativas de aplicación.
 - Medicións desagregadas por partidas.
 - Planos necesarios para o correcto entendemento da actuación, incluíndo detalles construtivos.
 - Estudo da seguridade e saúde ou básico, segundo corresponda.
 - Estudo da xestión de residuos da construción e demolición RD 105/2008, no que se cumprirán as seguintes condicións previstas no artigo 5 desta subvención.
 - Se existen elementos de amianto, indicaranse no proxecto o lugar e as accións necesarias para a retirada controlada dos produtos de construción existentes no inmovible que conteña amianto.
 - Reportaxe fotográfica en cor das zonas onde se prevé a actuación. Non se admitirán imaxes ou reproducións obtidas por medios diferentes a fotografía, como poden ser imaxes obtidas no Google Maps ou outras aplicacións informáticas.
 - Terá que ir acompañado do Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei da ordenación da edificación e un Plan de actuacións no que se identifique a actuación proposta.
 - o Orzamento das obras previstas desagregado por partidas, con medicións, prezos unitarios e totais, indicando o IVE desagregado e a súa aceptación polo promotor/a. Ten que conter, ademais, unha folla resumo por capítulos onde constará a firma e o selo da empresa, NIF e data.
 - o Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no caso de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos e subministracións para o mesmo/a contratista ou proveedor/a. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.



- o Títulos habilitantes para a execución das obras: comunicación previa, licenza ou outras autorizacións.
 - o Acordo entre a persoa arrendadora e a arrendataria no que se faculte a esta última para realizar ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda, no caso de que a persoa beneficiaria sexa arrendataria de conformidade co previsto na base 1.4.
 - o Anexo II, de datos das persoas e entidades partícipes nas obras (propietario/a ou inquilinos/as) e interesadas na subvención. Para o caso de actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva de vivenda deben presentarse tantos anexos II como vivendas e locais partícipes e interesadas na subvención se sinalen na solicitude oficial e nos anexos III e IV.
 - o Anexo III, certificado da persoa secretaria ou administradora do acordo da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme co disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, ou da asemblea da cooperativa, polo que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto das axudas, se indica o orzamento elixido e onde conste o nomeamento da persoa representante autorizada para solicitar a subvención, no seu caso.
 - o Anexo IV, de certificado da agrupación de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou declaración da comunidade de bens, propietarias no seu conxunto do edificio obxecto da actuación, que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal onde se acorda a execución das obras, se nomea a unha persoa representante da agrupación, con poder bastante, debendo especificar a relación das persoas copropietarias, con indicación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a cota de participación que se aplica por cada un deles.
 - o Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable do cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» no sentido establecido no apartado 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. No caso de optar pola declaración responsable, axustarase ao contido do anexo V.
 - o Anexo V, modelo de declaración responsable de “non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente” DNSH.
 - o Anexo VI, modelo de declaración responsable de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar ao obxecto de xestión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR, no que se declara informado/a da normativa de aplicación (DACI).
 - o Anexo VII, modelo de declaración responsable de cesión e tratamento de datos con relación á execución e actuacións do PRTR.
 - o Anexo XII, modelo de declaración responsable relativa á compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento, como así tamén, para acreditar o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puidera ter recibido para financiar as actuacións obxecto do presente convocatoria.
 - o A que resulte necesaria de acordo co previsto no RD 853/2021 e os demais datos informativos que esixe o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana ou o IGVS no protocolo de información normalizado.
- No caso de que se identifiquen, ao amparo da base 7, situacións de vulnerabilidade económica nas persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas e



interesadas na axuda adicional, deberá presentarse coa solicitude, no seu caso, a seguinte documentación:

- o Anexo VIII, de declaracións responsables de composición da unidade de convivencia e comprobación de datos das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia (deben presentarse tantos anexos VIII como persoas físicas interesadas na axuda adicional se sinalen na solicitude oficial e no anexo II).
- o Declaración do imposto da renda das persoas físicas do exercicio correspondente á convocatoria.
- o No caso de non presentarse declaración do imposto da renda das persoas físicas ou percibida algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, xunto coa declaración responsable presentarase a seguinte documentación, no seu caso:
 - Certificado de imputacións de IRPF do exercicio correspondente á convocatoria.
 - No caso de percibir outros ingresos no exercicio correspondente á convocatoria, declarados como rendas exentas de tributar no IRPF, achegarse certificado/s da/s entidade/s pagadora/s.
 - Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.
- o No caso de nai xestante, certificado médico ou documentación acreditativa de tal estado.
- o Certificado acreditativo de adopción en trámite.
- o Certificado ou volante de empadramento da persoa física solicitante e das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de non autorizar a consulta.
- o Certificado de discapacidade da persoa física solicitante ou, no seu caso, das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia.

1. FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A documentación complementaria deberá presentarse preferentemente de forma electrónica. Se algunha das persoas ou entidades que por lei estean obrigadas a comunicarse coa Administración por medios electrónicos presenta a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa ou entidade interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos para presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese formato non admitido pola sede electrónica do Rexistro do Concello do Porriño, permitirase a presentación deste de forma presencial na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do Concello do Porriño.



2. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. No momento da selección e do aboamento da subvención, os certificados acreditativos de estar ao corrente de pagamento, coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria (en diante, AEAT), coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello do Porriño, da persoa solicitante ou, no seu caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou de sociedades cooperativas, que participen nas obras e estean interesadas na subvención.
- b. Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas en que se van levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso, para as actuacións promovidas por comunidades ou por agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou por agrupacións de persoas propietarias, por sociedades cooperativas ou pola persoa propietaria.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro oportuno habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas ou ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

1. DOCUMENTACIÓN PARA O ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN

Para proceder ao aboamento da subvención o/a beneficiario/a deberá presentar no Rexistro do Concello do Porriño a seguinte documentación, sempre que non se presentara con anterioridade:

- a) Proxecto da obra realmente executada, no caso de que as actuacións requiran proxecto.
- b) Licenza urbanística ou comunicación previa, cunha declaración responsable de que non foi requirido/a polo Concello para a súa emenda.
- c) Certificado final da obra subscrito pola dirección facultativa e a dirección da execución da obra, no seu caso.
- d) Certificado da instalación térmica, no seu caso, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na consellería competente en materia de industria.
- e) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme ao esixido polas bases reguladoras e pola resolución de concesión da axuda, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e a data de conclusión das actuacións. Esta memoria será realizada e subscrita pola persoa técnica titulada competente, autora do proxecto ou da dirección facultativa da execución da actuación. Nela farase constar o cumprimento da normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación.
- f) Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez terminadas as actuacións e realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito pola persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento



dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEED).

g) Reportaxe fotográfica das obras executadas, preferentemente en cor, onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente, de tamaño suficiente para que sexa perfectamente visible e lexible, no que conste claramente o título do proxecto e a denominación e a imaxe do Programa e que mencione a axuda económica outorgada pola Unión Europea incluíndo o logo da UE e o lema «Unha maneira de facer Europa».

h) Declaración responsable que inclúa detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada coa indicación do importe e a súa procedencia.

i) Relación certificada e copia dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas.

k) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento realizado e que respondan ao orzamento e contratos presentados.

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

O prazo de presentación será dende o día seguinte a publicación do extracto das bases e estará aberto ata o 31 de xaneiro do 2026.

3. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS INTERESADAS

Sobre o procedemento de tramitación das axudas de acordo coas presentes bases, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Oficina Municipal de Rehabilitación da Vivenda, situada no departamento de Urbanismo do Concello do Porriño, a través dos seguintes medios:

- Atención persoal con cita previa de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.
- Atención telefónica 986335000 de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

BASE 4ª RÉXIME DE AXUDA DE ESTADO, EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

1. RÉXIME DE AXUDA DE ESTADO

O réxime da subvención aplicable é réxime de concorrencia simple.

2. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Sen prexuízo do establecido no artigo 17 do RD 853/2021, as subvencións deste programa serán compatibles con outras axudas públicas para o mesmo obxecto, sempre que non supere o custo total das actuacións e sempre que a regulación das outras axudas, xa sexan de ámbito nacional ou europeo, ou admitan, sendo de aplicación o disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) Nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, que establece que a axuda concedida no marco do Mecanismo se sumará á proporcionada baseándose nos outros programas e instrumentos da Unión, precisando que as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo, evitando o dobre financiamento entre programas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, así como con outros instrumentos da Unión e sempre respectando os límites e lineamentos establecidos no artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. En todo caso, na consecución dos fitos e obxectivos establecidos na Decisión de Execución do Consello, de 16 de xuño de 2021,



relativa á aprobación da avaliación do PRTR, vinculados co desenvolvemento deste programa, consideraranse exclusivamente as actuacións financiadas a través do PRTR.

Queda prohibido o dobre financiamento (artigo 188 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1296/2013, (UE) n.º 1301/2013, (UE) n.º 1303/2013, (UE) n.º 1304/2013, (UE) n.º 1309/2013, (UE) n.º 1316/2013, (UE) n.º 223/2014 e (UE) n.º 283/2014 e a Decisión n.º 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) n.º 966/2012 (Regulamento Financeiro).

BASE 5ª. PUBLICIDADE, COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN

1. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS

As bases reguladoras da concesión das axudas para a anualidade 2023, segundo os convenios asinados entre o Concello do Porriño, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana para o desenvolvemento do programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2023 - 2026, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Logo desta publicación, o extracto da convocatoria enviarase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que a remitirá ao Boletín oficial da provincia, entrando en vigor ao día seguinte da dita publicación última. Tamén se publicará no xornal de maior difusión na provincia.

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse na Oficina Municipal de Rehabilitación da Vivenda do Concello do Porriño, na páxina web <https://oporrino.org/> e no rexistro da Xerencia de Urbanismo do Concello do Porriño.

2. CONSENTIMENTO E AUTORIZACIÓNS

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, o consentimento e autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que pode emitir Concello do Porriño, así como as autorizacións para que o IGVS poida solicitar as certificacións que deban emitir os organismos competentes da Xunta de Galicia ou do ministerio correspondente.

3. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia de boas prácticas na Administración pública galega, o Concello do Porriño publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude de axudas leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/das beneficiarios/as e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis. Por razón da súa contía, os mesmos datos serán publicados no BOP segundo correspondan. Por outra parte, notificaranse de xeito individual os principais trámites de aprobacións.

4. COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN

As entidade/s beneficiaria/s da axuda deberán cumprir coas seguintes obrigas en materia de información, comunicación, divulgación e publicidade:

- a. As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme á normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo o artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o Mecanismo de Recuperación e



Resiliencia e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

- b. Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados etc.), deberánse:
- Incluir emblema da Unión Europea.
 - Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea- Next Generation EU».
 - Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de Execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar distintos exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download.
- a. Débese manter tamén a información relativa á comunicación, logos e emblema da Xunta de Galicia e do Concello do Porriño.
- b. Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do PRTR, dispoñible no enderezo <http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.
- c. No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

BASE 6ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos dos/as solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recolleita é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras. A práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvencións, converte a súa achega en obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e o Regulamento xeral europeo de protección de datos 2016/679, de 27 de abril, sendo responsable do seu tratamento a Oficina de Rehabilitación e a concellería da área de Urbanismo do Concello do Porriño.

O/a beneficiario/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, portabilidade, limitación do tratamento de información e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas ante a Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello do Porriño.

BASE 7ª PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NOTIFICACIÓNS E CONTROL E LOITA CONTRA A FRAUDE

1. PERDA DO DEREITO AO COBRO



Serán causa de perda e reintegro da subvención, ademais das previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas nesta convocatoria. Alén disto, poderá ser causa de perda da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

A perda do dereito á percepción da axuda outorgada levará consigo, no seu caso, o reintegro das cantidades aboadas ata ese momento, incrementadas cos intereses de demora desde a data do seu pagamento.

Conforme ao artigo 36.2 da Lei 9/2007, de 13 xuño, os membros da comunidade de persoas propietarias e as persoas propietarias de edificios formalmente agrupadas que non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal responderán solidariamente ao deber de reintegro, en proporción á súa respectiva participación na actuación.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobranza da subvención e, no seu caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Se o aforro do consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido por comparación entre os certificados de eficiencia enerxética do edificio, antes e despois da actuación, realizados ambos os dous co mesmo programa recoñecido de certificación, resultase inferior ao estimado inicialmente no proxecto, a contía da subvención axustarase ao nivel de aforro realmente obtido segundo o disposto na táboa 1.3 ou 1.3.1 destas Bases segundo lle corresponda. Se o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido fose inferior ao 30%, ou non se cumpriron as esixencias relativas á redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración mínima do 25% establecidas no Real decreto 853/2021, ou calquera outra esixencia das establecidas no citado Real decreto, na R.08.07.22 ou nestas bases, a axuda sería revogada.

O cumprimento parcial das condicións establecidas ou a realización en prazo de só unha parte da actuación comprometida dará lugar ao axuste e pagamento parcial da axuda outorgada, sempre que non procedese a revogación da axuda por incumprimento doutras obrigas esenciais ou requisitos establecidos no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, da R.08.07.22 ou destas bases e sen prexuízo da obriga de reintegro proporcional que correspondese, no seu caso.

O cumprimento parcial das condicións establecidas no Regulamento 2021/241 que define o principio de DNHS ou do Regulamento (UE) 2020/852 de Taxonomía, provocará a obriga do reintegro total que se lle asignou.

2. RENUNCIA

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece normativa legal de aplicación.

3. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse maioritariamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora, recollida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cuxo artigo 14 inclúe os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Estes colectivos, estarán integrados no sistema de notificacións electrónicas, de forma que a xeneralidade das notificacións do Concello de Porriño se realizarán por medios electrónicos. O acceso ás notificacións electrónicas pode realizarse desde a sede



electrónica do Concello de Porriño. Para poder acceder ás notificacións electrónicas, é necesario utilizar un certificado electrónico (ou DNI-e) ou clave concertada.

As seguintes notificacións que se practiquen, a quen se relacione de forma electrónica coa Administración, entenderanse producidas no momento do acceso ao contido do acto notificado ou ben polo transcurso do prazo de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese a estas. Por iso, é preciso acceder periodicamente (como mínimo unha vez cada 10 días) ás súas notificacións electrónicas.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. CONTROL E LOITA CONTRA A FRAUDE

Os/as beneficiarios/as destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Concello de Porriño e/ou o IGVS e o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, no seu caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e Tribunal de Contas Europeo de conformidade con artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021 e tamén a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea de acordo co artigo 129, número 1, do referido Regulamento financeiro (UE, Euratom) 2018/1046.

Calquera persoa que teña coñecementos de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade con relación aos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web (<http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>). Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI).

No control e loita contra a fraude o Concello de Porriño actuará de conformidade co establecido no seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en [Link Plan Antifraude Online](#)

Así mesmo, a Xunta de Galicia ten á disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es_ES.

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

BASE 8ª. CONFLICTO DE INTERESES

Estas subvencións están suxeitas á normativa e procedemento en materia de conflito de intereses previstos pola Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e pola Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o PRTR.



As persoas beneficiarias deben presentar unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), debidamente cuberta e asinada (modelo anexo VI).

De acordo co que dispón o artigo 3 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, os órganos que deciden estas subvencións teñen que asinar electronicamente unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), co contido mínimo que prevé o seu anexo I, respecto dos/as participantes no procedemento de concesión de subvencións, para que, a través do aplicativo informático MINERVA con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), se analicen as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que poida haber un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de intereses.

No caso de que se presentasen máis de cen solicitudes, debe seguirse o procedemento previsto no anexo III da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, que prevé as regras para a selección de solicitudes para ser sometidas á análise de risco de conflito de intereses no caso de procedementos de concesión de subvencións de concorrencia masiva.

O procedemento para aplicar no caso da identificación do risco de conflito de interese será o seguinte:

a) No caso de identificación dunha ou máis bandeiras vermellas. O artigo 6 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, prevé o procedemento para seguir neste caso.

Unha vez recibida a información relativa á identificación dun risco de conflito de interese concretado nunha bandeira vermella de MINERVA, no prazo de dous días hábiles, o decisor afectado poderá absterse. Neste caso a análise do risco de conflito de interese volverase levar a cabo respecto de quen substitúa á persoa que, en cumprimento deste proceso, se abstivo no procedemento.

Se a persoa afectada pola identificación dun risco de conflito de interese, concretado nunha bandeira vermella, alegase de forma motivada, ante o seu superior xerárquico, que non recoñece a validez da información, deberá ratificar a súa manifestación de ausencia de conflito de interese, mediante a sinatura, neste momento, dunha nova DACI, cuxa redacción reflectirá debidamente a situación exposta e a ausencia de conflito de interese. Todo iso deberao levar a cabo no prazo de dous días hábiles.

No caso de que non se producise esta abstención, a persoa responsable da operación solicitará a MINERVA información adicional dos riscos detectados, indicando, como xustificación para a obtención dos devanditos datos, que a abstención non se produciu. A información adicional sobre a situación de risco de conflito de interese identificada que proporcione MINERVA non incorporará a identificación de terceiras persoas, senón unicamente unha descrición dos riscos.

Esta información adicional trasladarase polo responsable da operación ao superior xerárquico do decisor.

De oficio ou a instancia do superior xerárquico correspondente, a persoa responsable da operación, poderá, así mesmo, acudir ao Comité Antifraude correspondente para que emita un informe, no prazo de dous días hábiles, sobre se, á luz da información dispoñible, procede ou non a abstención no caso concreto.

Pola súa banda, o Comité Antifraude poderá solicitar un informe coa opinión da unidade da Intervención Xeral da Administración do Estado á que se fai referencia no artigo 8, aos efectos de emitir o seu informe. Neste caso, a opinión deberá emitirse no prazo de dous días hábiles.



Á vista da información adicional proporcionada por MINERVA, da alegación motivada do decisor afectado e no seu caso, do informe do Comité Antifraude, o superior xerárquico do decisor afectado resolverá, de forma motivada:

- Aceptar a participación no procedemento do decisor sinalado na bandeira vermella.
- Ordenarlle ao decisor sinalado na bandeira vermella que se absteña. Neste caso, o órgano responsable da operación repetirá o proceso, de maneira que a análise do risco de conflito de interese se volverá levar a cabo respecto de quen substitúa á persoa que, en cumprimento deste proceso, se abstivo no procedemento.

b) No caso de identificación dunha ou máis bandeiras negras. O artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, prevé o procedemento para seguir respecto ás entidades solicitantes, respecto ás cales non existan datos de titularidade real nas bases de datos da AEAT.

Nestes supostos, haberá que requirir ás persoas solicitantes da subvención para que, no prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte á notificación do requirimento, acheguen a información da súa titularidade real. Coa advertencia de que a falta de entrega desta información dentro do prazo indicado comportará a exclusión do procedemento de concesión destas subvencións.

Unha vez recibida a información, que será custodiada segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, o responsable da operación levará a cabo un novo control do risco de conflito a través de MINERVA, indicando, en lugar da persoa solicitante, os/as titulares reais recuperados/as.

BASE 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria e todas as consecuentes actuacións para a súa execución réxense e rexeranse polo:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Concello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID – 19.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se establece para o PRTR en España.
- Real decreto – Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato de información para proporcionar polas entidades do Sector Público Estatal, autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.
- Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro.
- Orde HFP/55/20223 de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o PRTR.



- Demais normativa vixente e as que se aproben que resulten aplicables a este procedemento.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas Bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En O Porriño a 05 de xaneiro de 2023. O Alcalde. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

